


Area / Unidade CIRCULACION MU1100A MLC.	Documento 51315I00SZ	
Código de verificación  1P3F 5L6G 2C57 464O 13PW	Expediente 512/2020/2783	
	Data 03-03-2021	

## **RESOLUCIÓN:**

Visto o informe que antecede no expediente **VAR-15/20** e de conformidade con canto no mesmo propónse, en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, o Decreto de Alcaldía do 26 de xuño de 2019 e os Acordos da Xunta de Goberno Local adoptados en sesións celebradas o 28 de xuño de 2019 e o 22 de outubro de 2019 (BOP núm. 209 do 4 de novembro de 2019),

## **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Habilitar se seguintes 8 paradas exclusivas de transporte escolar naquelas lugares da cidade onde se detectou unha cobertura deficitaria de paradas deste tipo de transporte ou naquelas vías onde a localización da parada de autobús urbano obriga a percorridos de autobús escolar de certa complexidade prexudiciais para o tráfico, dispoñendo que estas paradas que se habilitan sexan de carácter obrigatorio para o transporte escolar do mesmo xeito que as paradas establecidas para o transporte público urbano colectivo de viaxeiros, segundo o disposto no artigo 56.1 da Ordenanza municipal de transportes aprobada por este concello:

### PARADAS EXCLUSIVAS DE USO DE TRANSPORTE ESCOLAR

- **Avda Arteixo, 119 ( Vioño)**

Na Avda. de Arteixo (sentido entrada na cidade) despois da intersección coa rúa Francisco Tettamancy e antes da carga e descarga existente.

- **Avda Arteixo, 72 (Sagrada Familia)**

Na Avda. de Arteixo (sentido saída da cidade) despois da intersección coa rúa Sagrada Familia .

- **San Amaro (Paseo Marítimo)**

No Paseo Marítimo antes do cemiterio de San Amaro e despois do acceso peonil (escaleiras) coa rúa San Amaro.

- **San Ignacio (Paseo Marítimo)**

No Paseo Marítimo despois do cemiterio de San Amaro á altura do acceso peonil desde a intersección entre a rúa San Ignacio e a rúa Pelamios.

- **Paseo de Ronda**

No Paseo de Ronda despois da intersección coa rúa Luciano Caño enfrente ao edificio da Telefónica.

- **Rúa Pombal**

Na rúa Pombal antes da intersección coa Avda de Fisterra á altura do portal número 30.

- **Alcalde Pérez Ardá (sentido entrada a cidade)**

Na Avda. Alcalde Pérez Árdá antes do acceso peonil á praza Elvira Bao Maceiras

- **Alcalde Pérez Árdá (sentido saída da cidade)**

Na Avda. Alcalde Pérez Árdá despois da Dirección Xeral de Mobilidade e antes da intersección coa rúa Chile.

**Segundo.-** Dispoñer a sinalización das paradas anteriores conforme ao disposto no informe técnico emitido pola arquitecta do Servizo de Mobilidade urbana, dando traslado desta resolución a empresa contratista do servizo de sinalización horizontal e vertical das vías públicas.

**Terceiro.-** Notificar ás empresas de transporte escolar esta resolución para o seu coñecemento e para que poidan modificar os percorridos do transporte escolar tanto neste curso como para os vindeiros.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento.

A Xunta de Goberno Local, P.D  
O concelleiro de Urbanismo, Vivienda,  
Infraestruturas e Mobilidade